

**XXXIII JORNADAS DE COORDINACIÓN
DE DEFENSORES DEL PUEBLO**

**DECLARACIÓN
DE LAS DEFENSORÍAS DEL PUEBLO
sobre a
Atención a mujeres e menores
víctimas de violencia de género**



O Defensor del Pueblo, o Defensor del Pueblo Andaluz, o Síndic de Greuges de Catalunya, a Valedora do Pobo de Galicia, o Diputado del Común de Canarias, o Ararteko do País Vasco, o Justicia de Aragón, o Síndic de Greuges de la Comunitat Valenciana, o Procurador del Común de Castilla y León e o Defensor del Pueblo de Navarra reuníronse en Alacante nas XXXIII Jornadas de Coordinación de los Defensores del Pueblo, que tiveron por obxecto “A atención a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero”, e desexan difundir a seguinte

DECLARACIÓN

1º. As Defensorías do Pobo manifestan a súa firme vontade de manter o seu total compromiso coa prevención e na loita contra a violencia de xénero, resultando necesario que os poderes públicos sigan dando resposta a este problema que constitúe unha flagrante violación dos dereitos humanos das mulleres e dos nenos e nenas ao seu cargo, así como un obstáculo fundamental para a realización da igualdade entre mulleres e homes. Este problema segue existindo e facéndose visible, por canto que numerosas mulleres continúan sendo controladas, ameazadas, agredidas e asasinadas.

As Defensorías do Pobo lembramos que a Constitución consagra dereitos fundamentais como a liberdade, a igualdade, a vida, a seguridade e a non discriminación; e que un dos ataques máis graves aos mesmos constitúe a violencia de xénero, á que os poderes públicos non poden ser alleos. Eses mesmos poderes públicos teñen, conforme ao disposto no artigo 9.2 da Constitución, a obrigaón de adoptar medidas de acción positiva para facer reais e efectivos os devanditos dereitos, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Recoñecendo esta realidade e en cumprimento da obrigaón de garantir os dereitos constitucionais de quen, directa ou indirectamente, sofren as consecuencias deste tipo de violencia, a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, pretende “proporcionar unha resposta global á violencia que se exerce sobre as mulleres” que, na actualidade, se fixo extensiva ás persoas menores ao seu cargo.

Con todo, tendo en conta que, pese ao tempo transcorrido desde a súa aprobación e as novidades normativas producidas tanto no marco europeo como a nivel nacional, esta secuela social aínda está lonxe de erradicarse, expúxose a necesidade da revisión do seu texto, así como a conveniencia de novos desenvolvementos normativos.

Por iso, instamos o Estado e ás comunidades autónomas a que procedan á revisión, actualización e adaptación do texto vixente da Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro, e a que impulsen os cambios legislativos necesarios para ampliar o concepto de violencia de xénero a todos os tipos de violencia contra as mulleres e violencia doméstica contidos no Convenio de Istambul..

2º. Demandamos das administracións públicas a posta en marcha e a realización, coa maior urxencia posible, das actuacións contidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, aprobado polo Congreso dos Deputados o 28 de setembro de 2017, facendo un chamamento aos órganos legislativos estatais e daquelas comunidades autónomas con dereito civil propio, para que as modificacións que afecten o interese dos menores non resulten de distinta aplicación segundo o marco xurídico civil aplicable.

3º. Concluimos que a detección da violencia de xénero require protocolizar as actuacións dos diferentes servizos, de forma que se asegure a súa homoxeneidade, o control do seu cumprimento, a adecuada coordinación entre organismos e administracións, así como a súa periódica avaliación, revisión e actualización.



A intervención pública ha de complementarse coas achegas das asociacións e redes comunitarias que teñan por obxecto a igualdade da muller ou a loita contra a violencia de xénero.

Ha de establecerse normativamente que a actuación mediadora deba pronunciarse, expresamente, sobre se algunha das partes referiu nalgunha ocasión a existencia de violencia ou malos tratos a algún membro da familia, sendo necesario que os e as profesionais que a exerzan acrediten formación específica en materia de detección de violencia de xénero e malos tratos a menores.

4º. Consideramos que os centros especializados de atención e acollida a vítimas de violencia de xénero requiren de melloras no funcionamento e deseño, sobre todo na primeira acollida, así como o reforzo e a estabilidade do seu persoal e na adaptación destes recursos ás necesidades específicas de atención a menores e mulleres vítimas de violencia de xénero en situación de especial vulnerabilidade.

Igualmente, débese garantir a seguridade e protección ás vítimas e ao persoal que as atende, así como a suficiencia de prazas e a temporalidade, a calidade dos recursos, a supervisión externa dos profesionais e a valoración polas propias persoas usuarias. Así mesmo, débese revisar a aplicación do Protocolo de derivación entre Centros.

5º. Recomendamos que se reforce a capacitación e sensibilización, en materia de violencia de xénero, de todo o persoal que intervéñ na protección integral ás vítimas deste tipo de violencia, mediante formación especializada, continuada, obrigatoria e avaliable, que preste atención particular ás necesidades das vítimas en situación de especial vulnerabilidade e ás necesidades e intereses das persoas menores.

6º. Recomendamos que se tomen medidas que reforcen e garantan a confidencialidade no tratamento dos datos das mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, como garantía da súa indemnidade e da protección doutros dereitos esenciais do ser humano.

7º. Detectamos a necesidade de dispoñer de información e de datos fiables en cada territorio sobre as vítimas de violencia de xénero, para o que consideramos necesario a recollida e sistematización dos datos e indicadores que permitan cuantificar, con rigor, a realidade sobre o número destas vítimas, especialmente a dos nenos, nenas e adolescentes.

8º. Suxerimos a mellora da calidade dos servizos públicos de atención integral ás vítimas de violencia de xénero e de protección de menores, así como a incorporación de técnicas de avaliación das políticas públicas, elaborando e executando para iso un plan específico de inspección anual.

9º. Consideramos que o dereito das vítimas de violencia de xénero a recibir plena información e asesoramento personalizado debe garantirse mediante a ampliación e reordenación do mapa dos servizos e a súa dotación suficiente de persoal, evitando tanto as dilacións na atención como a discriminación por razón do territorio no que resida a vítima.

Así mesmo, hase de asegurar a calidade e actualización da información, particularmente da difundida nas páxinas web, e arbitrar os medios necesarios para garantir o acceso integral á información e a comprensión sobre os dereitos e recursos das mulleres con discapacidade e daquelas con maior dificultade por causas persoais ou sociais.



10º. Consideramos necesario que a acreditación da condición de vítima de violencia de xénero poida referendarse mediante instrumentos máis amplos e homoxéneos en todo o territorio nacional.

Así mesmo, ha de recoñecerse a condición de vítimas de violencia de xénero as persoas menores de idade e os fillos e fillas declarados incapaces mediante un título acreditativo autónomo.

11º. Concluímos que a asistencia social integral debe garantirse e canalizarse mediante un Plan de Intervención, participado e personalizado para a vítima, que contemple, en todo caso, a protección das persoas menores de idade ao seu cargo, que teña o adecuado seguimento e que comprenda as medidas necesarias de toda índole, de forma que a recuperación sexa integral, real e efectiva.

12º. Detectamos que a asistencia sanitaria e psicolóxica que se presta ás vítimas de violencia de xénero é insuficiente, sendo necesario cumprir os protocolos existentes e revisar a derivación aos servizos especializados de saúde..

Para iso, faise preciso reforzar os persoais de profesionais que prestan asistencia psicolóxica especializada ás vítimas —mulleres e menores—, garantindo a calidade e a intensidade das sesións de intervención terapéutica ou psicoterapéutica e a súa adaptación ás particularidades das persoas menores de idade, así como o tratamento das vítimas con problemáticas asociadas, para a súa recuperación integral.

13º. Consideramos que o dereito á asistencia xurídica especializada e gratuíta das vítimas de violencia de xénero require, inexcusablemente, que na regulación da quenda de oficio polos Colexios de Avogados se esixa a adecuada especialización en violencia de xénero e en materia de protección de menores. Estimamos igualmente necesaria a supervisión e avaliación da actuación dos Colexios de Avogados por parte dos órganos da Administración Autonómica competentes para iso.

14º. Concluímos que a inserción socio laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero é esencial para propiciar a súa recuperación integral. Neste sentido, estímense como medidas necesarias: a dotación suficiente do Programa de emprego que permita garantir e facer efectivas as medidas que contemple; homoxeneizar os criterios que permiten obter o informe de "difícil empregabilidade"; implementar a figura de persoal técnico de inserción laboral; fomentar a celebración de convenios laborais e a creación de bolsas de traballo específicas; impulsar o establecemento de cláusulas sociais nos contratos que celebren as Administracións Públicas; acordar medidas de compatibilización horaria dos cursos de formación cos horarios dos centros escolares e das escolas infantís, todo iso a fin de garantir o acceso prioritario ao emprego das vítimas de violencia de xénero..

15º. Estimamos oportuno interesarse a modificación do RD 1452/2005, do 2 de decembro, que regula a axuda social do artigo 27 da O 1/2004, coa finalidade de establecer criterios máis claros e comúns, en todo o Estado, para as beneficiarias da devandita axuda, a flexibilización dos seus requisitos e a mellora dos mecanismos de control e seguimento polas administracións con competencia na súa tramitación, garantindo en todo caso a compatibilidade da mesma con outras axudas de carácter autonómico ou local.



Reclamamos unha dotación orzamentaria suficiente que garanta o acceso a estas axudas; chamamos a atención sobre a necesaria observancia dos prazos de tramitación e concesión; e suxerimos a admisión dos informes acreditativos das circunstancias sociais como parte do expediente do servizo de emprego autonómico para a concesión da devandita axuda.

16º. Acordamos que, no acceso á Renda Activa de Inserción das mulleres vítimas de violencia de xénero, concorren obstáculos de tramitación que deben ser corrixidos, sendo necesario simplificar a súa tramitación administrativa e modificar a súa regulación, permitindo acceder ao programa á muller vítima de violencia de xénero por mor de posteriores maltratadores distintos, aínda cando esgotase o número máximo de anualidades previstas.

17º. Defendemos o dereito das mulleres vítimas de violencia de xénero a acceder, con carácter prioritario, a vivendas protexidas e residencias públicas para maiores, e subliñamos a obrigaición da lexislación de garantir esta prioridade de forma suficiente, mediante o incremento dos recursos económicos destinados a iso, a reserva obrigatoria de vivendas, a flexibilización dos requisitos para o acceso e a posibilidade de permuta de vivendas protexidas.

Faise necesario propiciar reformas normativas nas que se contemple o acceso prioritario e inmediato das mulleres maiores vítimas de violencia de xénero, sempre que o precisen, a un Centro Residencial.

18º. Valoramos positivamente o servizo de teleasistencia móbil para vítimas de violencia de xénero, sendo necesario perseverar en corrixir os seus disfuncionalidades puntuais.

19º. Valoramos o control e a seguridade que proporciona o dispositivo telemático de localización, considerando preciso investir en melloras técnicas que aseguren o seu correcto funcionamento e simplifiquen o seu emprego.

20º. Concluimos que o tratamento no ámbito xudicial das vítimas de violencia de xénero presenta carencias relevantes que minguan os seus dereitos e inflúen negativamente nos procedementos, sendo esencial que se cumpra integramente o Estatuto da Vítima, se respecte o dereito á súa intimidade, se mellore a coordinación e a comunicación dos Xulgados de Violencia sobre a Muller cos servizos especializados de atención integral, se incrementen os medios materiais e humanos nas Unidades de Valoración Integral Forense e se asegure a especialización dos seus profesionais para valorar adecuadamente a violencia psíquica e propiciar unha maior profesionalización do servizo de interpretación e tradución nos Xulgados.

21º. Concluimos que a consecución da atención integral ás vítimas de violencia de xénero debe sustentarse na coordinación institucional, para o que consideramos esencial que se desenvolvan os plans e protocolos de Coordinación Interinstitucional, se avalíe a súa eficacia, se establezan mecanismos de control da súa aplicación e se estude a súa mellora.

22º. Concluimos que, cando se acorde réxime de visitas entre o agresor e os seus fillos e fillas menores de idade, os xulgados e tribunais han de pronunciarse, expresamente, sobre as medidas para adoptar en relación aos mesmos. O réxime de visitas establecido ha de desenvolverse coas máximas garantías e seguridade para as vítimas. Así mesmo, ha de garantirse o dereito do neno ou nena vítima de violencia de xénero a ser escoitado de forma activa nas decisións que lles afecten en todos os ámbitos, especialmente, no xudicial. En calquera caso, ha de terse sempre en conta o interese superior do menor.

No suposto da existencia de medidas cautelares no ámbito penal ou orde de protección, recomendamos unha modificación normativa que propicie a suspensión temporal da patria potestade para o pai presunto agresor ou da figura análoga no dereito civil foral aplicable.

23º. É necesario que nos Puntos de Encontro Familiar (PEF) se garanta o dereito da persoa menor a ser oída; que se promova a receptividade e a axilidade no intercambio de información entre xulgados e PEF; a adecuación do persoal e a súa formación en violencia de xénero; o



establecemento de mecanismos de coordinación entre os PEF e os dispositivos de atención integral a as mulleres vítimas; así como o control e supervisión externa dos PEF por parte da Administración competente.

24º. Concluimos que, no ámbito educativo, a prevención e loita contra a violencia de xénero require reflexionar en profundidade sobre as causas que propiciaron a actual situación de violencia de xénero entre adolescentes e, tomando como base o resultado que arroxen estes estudos, deseñar un proceso de intervención encamiñado á eliminación deste tipo de violencia nos centros educativos.

Débense establecer protocolos específicos de actuación e de derivación para a intervención social integral en materia de violencia de xénero no sistema educativo de todas as Comunidades Autónomas e mecanismos de apoio económico ás familias de nenas, nenos e/ou adolescentes cando teñen que cambialas de centro ou de localidade debido a situacións de violencia de xénero. Tamén se debe proceder á recompilación e difusión de boas prácticas neste ámbito.

25º. Consideramos que a atención sanitaria das persoas menores vítimas de violencia de xénero debe mellorarse, elaborando Protocolos de intervención integral específicos en caso de violencia de xénero sobre persoas menores e incrementando os recursos en saúde mental para atender aos nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia de xénero.

26º. Detectamos disfuncionalidades que deben ser corrixidas no plano social respecto ás persoas menores de idade, sendo necesario instar as Administracións autonómicas competentes a que, desde a valoración do risco conforme á Lei Orgánica 8/2015 do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, inicien expedientes de intervención global e integral coas familias das persoas menores de idade vítimas de violencia de xénero.

27º. Concluimos que a situación das persoas menores de idade que quedan orfas tras a morte da súa nai como vítima de violencia de xénero require elaborar protocolos específicos para a intervención dos Servizos Especializados de apoio e intervención psicolóxica na situación de crise en caso de morte, acelerar os procesos de outorgamento da garda e custodia aos familiares e concederlles un tratamento similar ao das persoas menores orfas do terrorismo.